



EDITORIAL

UN ACHEGAMENTO ÓS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

ESCOLAS ABERTAS

A FORMACIÓN DAS MULLERES EN ESPECIALIDADES DE TRAXECTORIA MASCULINA

Editorial

Un achegamento ós certificados de profesionalidade

Tribuna

O papel dos técnicos de emprego na consolidación de empresas

Escolas abertas

Posibilidades de inserción laboral no O.E. "A Fraga-O Beque"

"Mar de Vigo II": a significatividade dunha escola obradoiro nunha cidade costeira

A formación de mulleres en especialidades de traxectoria masculina

Obraquedobra

Charla co alumnado-traballador do O.E. "Covelo-Natura"

O positivo da convivencia intercultural

Acadar maior cualificación profesional e académica nunha escola obradoiro

Apuntamentos

Importancia da igualdade de oportunidades en formación e emprego

Pinceladas dun profesional vencellado ó colectivo de drogodependentes

Notas en torno ó feísmo

landra

Revista informativa

Edita:
Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

Unidade de Promoción e Desenvolvemento

Dirección:
Zara Pousa Arbones

Equipo editorial:
Pilar Barreiro Magdalena
Blanca González de la Cuesta
Cristina Lago Martínez
Julio López Walliser
África Marchante Pérez
Silvana Martínez Rodríguez
Leopoldo Pereira Rodríguez
Isabel Pérez Núñez
Belén Piñeiro Álvarez
Francisco Gabriel Quintáns Ríos
Susana Rivadulla López
Xulio Troitiño Dapena

Colaboran neste número:
Lourdes González Salceda
Dolores Falcón Chaves
Enrique Otero Barberena
Antonio Castro Ferreiro
Gonzalo Miñán Iglesias
Mario López De Vicente
Ana María González Mora
Alumnos O.E. Covelo-Natura
Sara Díaz Giménez
David Pérez Fernández
Silvia Rodríguez Fontán
Carme López Fernández
Juan A. González Pérez
José Manuel Búa Gil

Unidade de Promoción e Desenvolvemento
Vía da Hispanidade, 17. 36203 Vigo

Teléfono: 986 423366
Fax: 986 4714 44

e-mail: updvigovigo@maiv.org
web: www.maiv.org/upd

Depósito legal: VG-129-2001

Imprime: Tórculo

Un achegamento ós certificados de profesionalidade

O equipo directivo e técnico da Unidade de Promoción e Desenvolvemento quixemos dedicar a editorial deste número da revista Landra ós certificados de profesionalidade. ¿Por que? Sen dúbida, porque os diferentes axentes, docentes e participantes de accións formativas levamos escoitado falar

Os certificados
deron pé a
distintos debates
dende a súa
regulamentación


moito sobre eles nos últimos anos e porque dende a súa regulamentación deron pé a debates e ó xurdimento de interrogantes acerca da súa verdadeira utilidade práctica, máis alá do seu uso como referente a seguir no deseño de calquera plan formativo enmarcado dentro da formación profesional non regrada. Estes interrogantes centrábanse en torno a cándo se vai poder obter dita certificación e, o máis importante, que valor lle van dar os que máis voz e voto teñen no difícil proceso de acceder a un posto de traballo, o empresariado. Pero antes de afondar na situación actual na que se atopa este tipo de acreditación, consideramos necesario refrescar a memoria e remontarnos ó comezo, ó intre en que naceron os certificados de profesionalidade, o espazo temporal en que se comezou a falar deles e das súas posibilidades.

Regresamos ó ano 1995, concretamente aterrarnos nun 19 de maio. Ese día aprobábase un Real Decreto polo que se establecían as directrices sobre os certificados de profesionalidade e os correspondentes contidos mínimos de formación profesional. Informábase que xurdía un medio que permitiría acreditar as competencias profesionais adquiridas a través de accións de formación ocupacional e continua, programas de formación e emprego, contratos de aprendizaxe e para a formación, a experiencia laboral ou outras opcións de educación non formais. Indicábase que estes documentos ían ter un carácter oficial, validez en todo o territorio estatal e que definirían os contidos de formación asociados ás competencias profesionais e, polo tanto, ás ocupacións. Así mesmo, sinalábase que os certificados ían permitir a correspondencia e as convalidacións entre os tres subsistemas de formación profesional (regrada, ocupacional e continua) e a experiencia laboral.



Editorial

¿Que contén un certificado de profesionalidade?



Editorial

Imaxinádevos as oportunidades que se abrían para todas aquelas persoas que por unha ou outra razón non cursaran unha formación profesional regrada. A partir deste Real Decreto poderían non soamente xustificar oficialmente os coñecementos profesionais adquiridos a través doutras vías, senón tamén, optar a unha formación profesional regrada sen ter que partir de cero, xa que parte do itinerario formativo estaría percorrido gracias ás convalidacións obtidas, so terían que engadir o interese e a motivación por completar os módulos restantes.

Mais todo isto tiña un "pero", a necesidade de establecer Comisións de Avaliación integradas por persoas expertas, designadas á proposta da administración e dos representantes empresariais e sindicais correspondentes ó sector productivo. Ditas comisións serían as encargadas de someter ós/ás candidatos/as a probas teórico-prácticas obxectivas que medisen os coñecementos e as competencias mínimas esixibles para expedir o certificado correspondente á ocupación que se avaliaba. O "pero" sinalado non ten o senso de que consideremos negativo a creación tanto das comisións como das probas, todo o contrario, é un requisito imprescindible; o "pero" baséase en que a estas alturas e a pesar de ter transcorridos máis de oito anos e de xa existir 130 certificados de profesionalidade aínda non se comezaron a implementar.

A partir do Real Decreto do 5 de marzo de 1999, constitúese en Galicia o Instituto Galego das Cualificacións, organismo que, entre outras responsabilidades, ten a función de facilitar a integración dos tres subsistemas de formación e a homologación dos seus estudos; establecer a acreditación das cualificacións; e impulsar a validación dos certificados de profesionalidade. En relación a este último aspecto, a presenza deste organismo non significou un avance nos pasos dados ata ese momento.

E, emprazámonos de novo na actualidade. Nos últimos meses a validación dos certificados de profesionalidade volve a estar en boca de todos e todos/as profesionais que directa ou indirectamente estamos vencellados ó ámbito da formación profesional, tanto regrada como non regrada, e ó mundo laboral. A razón de ser é a recente elaboración do novo Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais cuxo Real Decreto foi aprobado o pasado 30 de xullo. Este catálogo, que será publicado en breve, terá como obxectivos básicos:

- Procurar a adecuación da formación profesional ás necesidades do sistema productivo.
- Promover a integración así como o desenvolvemento das ofertas de formación profesional.



■ Facilitar a formación ó longo da vida, mediante a acreditación e acumulación de aprendizaxes profesionais adquiridos en distintos ámbitos (entre eles o Programa de Escolas Obradoiros e Obradoiros de Emprego).

■ Contribuír á transparencia e unidade do mercado laboral e a mobilidade dos traballadores.

Na redacción deste Catálogo implicáronse todas as comunidades autónomas, cada unha facéndose cargo do esbozo dunha ou varias familias profesionais. Galicia centrouse na Familia Marítimo-Pesqueira, participando conxuntamente a Dirección Xeral de Formación Profesional e o Instituto Galego das Cualificacións. Paralelamente ó labor de creación do Catálogo, por unha banda, estanse a revisar cada un dos certificados en aras de subsanar as posibles deficiencias e adaptalos á realidade actual das ocupacións; e, por outra, púxose en marcha un proxecto experimental chamado "Proxecto Ara". En concreto, este proxecto ten por finalidade verificar, a través de diferentes probas, como se podería acreditar a

competencia profesional a un traballador que contase só con experiencia laboral, como base experimental para a implantación dun sistema de recoñecemento, avaliación e acreditación das competencias relacionadas coa cualificación profesional. Isto significa que, por primeira vez, comézase a analizar cómo desenvolver ás probas que permitan acceder ó certificado de profesionalidade de cada ocupación.

Neste senso, acábbase de publicar a Orde de 19 de febreiro pola que se desenvolve o Real Decreto de 28 de novembro de 2003 que fixa as actuais condicións e os procedementos de expedición dos certificados de profesionalidade. Nesta orde establécense directrices concretas respecto ás probas de acceso a ditos certificados, especificando tanto os requisitos que deberá cumprir o aspirante ás mesmas como as convocatorias, a composición e funcións das xa nomeadas Comisións de Avaliación, o modelo do documento acreditativo, etc. O único aspecto que quedaría pendente, á espera dos resultados obtidos no Proxecto Ara, sería a metodoloxía a seguir no proceso de avaliación.

En definitiva, do éxito do proxecto experimental vai depender que, case dez anos despois, aquelas persoas que desexen validar as súas competencias profesionais, adquiridas non pola formación regrada, poidan optar a unhas probas que dean pé a unha certificación. En mans das diferentes institucións implicadas está o logro de que o empresariado lle dea a validez e a credibilidade que un certificado de profesionalidade se merece e, polo tanto, que non poida pór en dúbida a competencia daquel traballador que acredite os seus coñecementos sobre a ocupación a través deste documento oficial.

O papel dos técnicos de emprego na consolidación de empresas

Lourdes González Salceda

Directora do Servizo de Asesoramento a Emprendedores da MAIV

Tribuna

As Administracións Locais xa hai tempo que souberon ver a necesidade de implantar medidas destinadas a dinamizar o tecido empresarial existente e a creación e consolidación de novas empresas no eido local, como medio para lograr un obxectivo de creación de emprego estable, de aproveitamento dos recursos, e en definitiva, para a mellora das condicións de vida dos habitantes. Como instrumento para acadar tales obxectivos xurde a figura do técnico/a en desenvolvemento local (na actualidade, técnico/a de emprego), que, entre outras, desenvolve as seguintes funcións:

- Fomentar e favorecer a iniciativa empresarial entre os habitantes do territorio.

- Prestar asesoramento e apoio técnico ás empresas.

- Informar e apoiar ás novas empresas.

- Captar recursos ociosos, analizando as súas posibilidades de cara á creación de empresas.

En concreto, na área de Vigo o instrumento de apoio á creación de empresas materialízase a través do Servizo de Asesoramento a Emprendedores, en funcionamento dende o ano 1996, que integra a todos os técnicos/as de emprego e a outros axentes de desenvolvemento dependentes de cada un dos concellos da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo que prestan de forma coordinada e conxunta unha serie de servizos co obxecto de facilitar a implantación de empresas neste territorio. Nembargantes, á hora de promocionar novas iniciativas, a supervivencia das empresas de nova creación é un dos aspectos máis preocupantes para todas as entidades que teñen algunha responsabilidade no eido da creación de empresas, xa que existen diversos estudos que poñen de manifesto a elevada taxa de mortalidade das mesmas (as estatísticas consultadas sitúan esta taxa entre un 50% e un 70%) e a dificultade que teñen para superar a barreira dos catro anos de funcionamento e consolidarse.

Rede de técnico/as de emprego da Mancomunidade de Vigo





Á vista destes datos, é importante que as administracións e os axentes sociais que traballan no eido da promoción económica e a creación de empresas destinen parte dos seus esforzos en evitar a desaparición dos negocios creados e a reducir os obstáculos que complican a consolidación das novas empresas.

Por iso, á hora de mellorar a eficiencia do Servizo de Asesoramento e aproveitar ó máximo os esforzos debemos facernos unha serie de preguntas, como: ¿cáles son os obstáculos atopados para a consolidación de empresas?. Ou o que é o mesmo, ¿cáles son os factores que favorecen o éxito dun negocio? E o máis importante: ¿En qué obstáculos/factores se pode influír dende os Servizos Públicos de Apoio á iniciativa empresarial (departamentos de promoción económica, técnicos/as de emprego, etc.) para aumentar as probabilidades de éxito e supervivencia dun proxecto empresarial?

Os factores que poden influír na marcha dun negocio ou empresa son moitos e de moi diversa índole. Resultaría imposible facer unha relación de todo o que, interna ou externamente, afecta ó bo funcionamento da empresa e, polo tanto, non é tarefa doada identificar cales son os factores que determinan o éxito ou fracaso empresarial.

Aproveitando a experiencia dos oito anos de funcionamento do Servizo de Asesoramento a Emprendedores, e tendo en conta o sesgo que pode introducir o feito de que a maioría de proxectos atendidos no dito servizo se inclúe na categoría de micro-

empresas, chegamos a concluír que no éxito das empresas influén, moi por riba doutros factores, os relacionados coas características (tanto persoais como de formación e experiencia) das persoas que as promoven.

Para comezar a buscar as claves do éxito dun novo negocio, tanto na súa fase de xestación como en toda a súa existencia posterior, escollería a seguinte clasificación dos factores que contribúen ó éxito dunha empresa:

1.- Factores relacionados coa personalidade das persoas promotoras: tenacidade e constancia para non desistir ante as adversidades, autoconfianza para acadar as súas metas cunha actitude positiva, ambición para poder emprender e pór en práctica novas accións, dinamismo, responsabilidade, habilidade, propensión o risco, orixinalidade, capacidade de liderazgo, etc., que son as características intrínsecas que en moitas ocasións se relacionan cando se define a unha "persoa emprendedora", que son comúns a persoas cun "perfil emprendedor". En realidade, son características que, cando conflúen nunha persoa, influén positivamente á hora de acadar o éxito a calquera nivel.

De forma metafórica, resúmense en que a persoa emprendedora debe ter "os pés no chan e a vista no ceo"

No éxito dunha empresa influén moi por riba doutros, os factores relacionados coas características das persoas que a promoven

2.- Factores que teñen que ver co propio proxecto empresarial e o sector, e que determinan o "coñecemento" do negocio por parte das persoas promotoras: a experiencia ou coñecemento do sector e da actividade, a formación (tanto no que se refire á capacitación técnica necesaria para o desenvolvemento das actividades como á formación empresarial e de xestión), e a observación do mercado e o acceso ós canais de información. Estes factores garanten a viabilidade técnica do proxecto e condicionan en gran medida a viabilidade económica do mesmo.

Son factores moi relacionados tamén coas propias persoas promotoras. É moi importante, pois, que posúan unhas habilidades e competencias persoais e profesionais que lle faciliten o acceso á información sobre o propio produto ou servizo, os clientes, os provedores, as necesidades de organización, o comportamento do mercado, etc., para que o proxecto de empresa perdure no tempo de forma exitosa. Todo elo facilita a anticipación, a rapidez na toma de decisións e a innovación.

Neste punto, conséntase que existe menor risco de fracaso cando a persoa ten uns coñecementos previos da actividade ou sector que quere desenvolver, ben pola súa experiencia previa, ben pola formación adquirida.

Ademais, o deseño dunha estrutura de empresa flexible é tamén fundamental para permitir a adaptación ós cambios e o crecemento futuro, xa que unha empresa ten que renovarse continuamente porque se non, o máis probable é que morra na rutina.

3.- Factores relacionados co contorno, que son aqueles nos que o promotor ten menos influencia por ser externos ó propio proxecto. Son factores que favorecen o éxito das empresas: unha situación económica favorable e estable, a existencia de man de obra adecuadamente formada, a existencia de redes de colaboración empresarial, a existencia de instrumentos de apoio ás empresas e a facilidade no acceso ós ditos recursos, etc.

Tendo en conta a anterior clasificación, o técnico/a de emprego (ou asesor/a) debe concentrar os seus esforzos en varios frontes:

A. Nun aspecto global, axudarlle á persoa emprendedora a avaliar qué posibilidades de éxito ten un proxecto, tendo en conta o conxunto de factores favorables que reúne, é dunha importancia fundamental posto que lle permitirá ter unha visión máis realista e obxectiva do seu emprendemento e asumir riscos máis moderados, ou mellorar aspectos que non considerara aínda. Para iso, débesele convencer da importancia de facer unha previsión realista do que pode ser a empresa nun futuro, é dicir, que realice un plan de viabilidade que contemple non só as características propias do emprendedor, senón que defina claramente que é o que vai ofrecer, a quen o vai vender e por canto, se existen outras empresas que realizan a mesma actividade e como pode diferenciarse delas, que modelo organizativo vai implementar en canto a xestión dos seus recursos humanos, técnicos e financeiros e con que recursos de capital vai contar ou a que instrumentos de apoio ás empresas pode acceder. En definitiva hai que deseñar un proxecto de empresa que sexa coherente tanto coas características propias da persoa que promove o proxecto, como coa necesidade ou ambición que se teña, así como coa situación económica do momento, ou mesmo coa filosofía ou modelo organizativo que se quere implementar.

Pero, ademais, para a realización desta análise, será necesario un traballo de investigación, prospección, redacción, elaboración das previsións económicas, etc., que moitas veces non é doado, non só polo tempo que pode conlevar e os coñecementos que hai que ter, senón porque non se sabe a onde acudir. Por iso, o papel do técnico/a na fase de elaboración do plan de viabilidade, debe ser un importante apoio.



*Servicio de Asesoramento a
Emprendedores da
Mancomunidade de Vigo*

rial que se artellan por parte dos distintos organismos e a administración pública ás empresas e ás persoas emprendedoras que os necesitan, de maneira que se facilite o acceso das empresas ós recursos (fontes de información, financiamento allea, subvencións, formación,

B. Polo que se refire ó primeiro tipo de factores, ás características intrínsecas da persoa promotora, o técnico/a en creación de empresas pouco máis pode facer que evidenciar tales características e que a persoa sexa consciente de cales posúe ou de cales carece posto que son rasgos de carácter nos que pouco se pode influir. Neste senso, quizais o máis interesante sexa facerlle ver que se poden paliar as carencias a través da asociación con outras persoas.

C. Polo que se refire ó segundo tipo de factores, ademais de axudar a avalialos, haberá que facerlle ver que as carencias a este nivel pódense paliar a través da formación, da adquisición de máis experiencia, ou da contratación de persoal cualificado; ademais de orientalo nos métodos de observación, na busca de fontes de información, etc.

D. Por último, onde máis pode incidir o técnico/a é no terceiro grupo de factores: os factores externos. Neste senso, o técnico/a debe configurarse como un recurso mesmo para a utilización por parte das persoas emprendedoras, como dinamizador da situación económica (identificando os recursos locais para o seu aproveitamento, axudando a xerar actividade, etc.), como impulsor para a constitución de redes de cooperación entre empresas e os distintos axentes económicos. E moi importante, sobre todo, é que o técnico/a sirva para acercar os instrumentos de apoio empresa-

etc.). Son moitos os casos nos que, ben por falta de formación das persoas emprendedoras, ben pola imposibilidade de filtrar a información realmente interesante ou ben por falta de tempo ó estar dedicada a outras tarefas máis propias do negocio, se desaproveitan os instrumentos creados especificamente para elas. A labor do técnico/a é a de filtrar adecuadamente toda a información existente para que chegue ós promotores unicamente a relevante, paliando a falta de formación e de tempo da que normalmente se queixan as persoas cando inician unha actividade empresarial.

Polo tanto, e concluíndo, non existe unha receita máxica para conseguir que un novo negocio sexa exitoso, ademais este non está suxeito a unha soa variable, senón que virá dado pola conxugación de moitos factores: iniciativa e características do promotor, características do proxecto, contorno do mercado, acceso á información, posibilidade de empregar instrumentos de apoio ás empresas e apoio externo na implantación e desenvolvemento do negocio.

En definitiva, o éxito empresarial crecente e sostido no tempo estará en función da capacidade para identificar adecuadamente as oportunidades do momento, para aumentar e aproveitar as potencialidades e para transformar as debilidades en fortalezas, e todo isto para acadar unha vantaxe comparativa con respecto a outras iniciativas empresariais.

Posibilidades de inserción laboral no obradoiro de emprego A Fraga-O Beque

Dolores Falcón Chaves

Titira do obradoiro de emprego "Río da Fraga-O Beque"

Dende xuño do pasado ano, 50 persoas da comarca estanse a capacitar, gracias á súa participación no obradoiro de emprego, nas especialidades de "albanelería", "cartería", "carpintería", "instalacións" e "traballador forestal-medio ambiente". Analizar as posibilidades de inserción de ditas especialidades implica, como punto de partida ter en conta a situación xeográfica do concello de Moaña, situado na parte norte da Ría de Vigo, dentro da comarca de O Morrazo e vinculado económica, laboral e socialmente cos concellos de Cangas, Vigo e a súa área de influencia.

traballador, se ademais o relacionamos co avance do sector da construción e servizos derivados.

Así mesmo, é preciso ter en conta as necesidades de persoal que se están a producir nestes sectores e que se reflicte no incremento das ofertas de emprego, por conta allea, que as empresas da zona introducen na base de datos do Servicio Galego de Colocación. En concreto, a oficina de Orientación Laboral, que está a funcionar no Padroado Municipal Beiramar -entidade que promove o noso Proxecto-, corrobora os datos sinalados anteriormente; é dicir, que os sectores da Construción e Servizos son os que actualmente máis traballadores demandan.

Por tanto, interrelacionando a situación do mercado laboral no concello de Moaña e área de influencia cos perfís profesionais do alumnado, estableceremos dous grupos de alternativas de cara á súa posible inserción laboral:

- un primeiro, relacionado co sector da Construción, onde terían cabida as ocupacións de albanel, canteiro, carpinteiro, electricista e fontaneiro,

- un segundo, relacionado co sector Servizos, co que se poden vincellar as actividades derivadas da conservación e mantemento de xardinería e ambientes naturais. Neste grupo terían posibilidades de inserción as persoas traballadoras de Forestal.



Alumnas-traballadoras
do O.E. "A Fraga-O Beque"

Neste espacio localízanse importantes núcleos urbanos densamente poboados e en crecemento, áreas de segunda residencia e abundantes zonas dedicadas ó ocio e tempo libre. Todo isto danos idea das posibilidades de colocación do noso alumnado



*Alumno/as-traballadore/as
do O.E. "A Fraga - O Beque"*

Pero se se analizan as ofertas das empresas nestes sectores conséntase que demandan profesionais cun perfil que difire bastante do que ten o noso alumnado: o 78% son mulleres, a maioría sen experiencia laboral e se dispón dela é en oficios relacionados coa pesca e derivados, está pouco cualificado, salvo a formación adquirida durante o proxecto e non está especializada.

Para paliar esta situación e así aumentar as posibilidades de inserción e promoción nestes sectores, sería preciso enfocar a súa formación cara a unha maior especialización, concretamente naquelas tarefas nas que as empresas teñan máis dificultades de atopar profesionais como por exemplo:

- impermeabilizacións, revestimentos, estruturas, encofrados, etc., no caso dos especializados en construción e albanería,

- ou en construción e instalación de mobles e elementos de carpintería a medida para os carpinteiros.

Pero como as empresas da área de O

Morrazo non poden absorber toda a man de obra que se oferta, e analizando a realidade da zona na que existe un notable incremento na construción de edificios e vivendas unifamiliares, na que cada vez hai máis espazos públicos de esparcemento que necesitan un mantemento ou mesmo a existencia na comarca de rutas de sendeirismo e espazos naturais vinculados ó turismo rural que están pouco explotados, sería conveniente traballar outras posibilidades de inserción laboral que se desmarquen do emprego por conta allea.

Referímonos á constitución por parte do alumnado de diferentes empresas que dirixan as súas actuacións cara á:

- mellora da vivenda. Por exemplo, mantemento de vivendas e edificios (comunidades),

- conservación e mantemento de zonas axardinadas de segundas residencias,

- creación dun viveiro forestal con vistas á repoboación de especies nos espazos naturais.

Neste sentido o Padroado Beiramar, no seu afán de apoiar e mellorar a inserción laboral dos desempregados e, en concreto, dos participantes do obradoiro de emprego, dispón dun servizo de orientación laboral que intenta promover o espírito empresarial axudando a ese colectivo a crear o seu propio negocio facilitándolles información sobre axudas e subvencións para o autoemprego.

A significatividade dunha escola obradoiro nunha cidade costeira

"Mar de Vigo II"

Enrique Otero Barberena

Director da Escola Obradoiro "Mar de Vigo II"

Alumnos-traballadores da E.O. "Mar de Vigo"

Escolas abertas

O segundo e actual proxecto Escola Obradoiro Mar de Vigo nace, por iniciativa da actual Concellería de Promoción Económica e Desenvolvemento Local do Concello de Vigo, co propósito de dar continuidade á primeira experiencia realizada entre os anos 2000 e 2001.

¿Por que un proxecto constituído polas especialidades de Carpintería de Ribeira, Novas Técnicas de Construcción Naval e Actividades Náuticas? A resposta a esta pregunta ven dada pola necesidade que ten a nosa vila de replantear a súa relación co mar.

Vigo e a súa comarca tiveron, dende tempos inmemoriais, unha total simbiose co mar, medrando a medida que aumentaban as actividades ligadas á pesca e chegando a converterse nun referente mundial do propio sector.

Pero os tempos cambian e a reestructuración do sector pesqueiro en todos os seus ámbitos (extractivo, construción naval, industrias de transformación, aprovisionamentos, etc.), que en tempos chegou a xerar seis postos de traballo en terra por cada un no mar, ten que axeitarse ós novos



"ventos" de reconversión.

Un claro exemplo do antedito son as embarcacións tradicionais, patrimonio irrenunciable da nosa cultura, nun grave risco de desaparición se non existe sensibilidade suficiente por parte de todos os estamentos da sociedade. Unha maior rendibilidade das novas técnicas de construción naval fai imprescindible reconducir o uso das devanditas embarcacións ós espazos de lecer onde poderían actuar como potenciadoras do sector turístico, mantendo sempre a súa característica de oficio artesanal tradicional que forma parte do legado das áreas marítimas galegas. Isto é posible xa que, de feito, algunhas autonomías como Cataluña e Valencia xa teñen posto a funcionar iniciativas oficiais para preservar dun modo rendible a súa construción naval tradicional.

Por outra banda, a imparable construción de portos deportivos ó longo de toda a costa galega e o crecente asociacionismo ó redor das embarcacións tradicionais comeza a demandar persoal cualificado para constituír e reparar embarcacións de madeira e poliéster, manter os pantaláns e as actividades de invernaxe. Tamén é necesario formar operarios para a confección de velas e no mundo da divulgación marítima hai moito que facer (actividades de verán, cursos, bautismos de mar, colaboracións cos colexios, etc.)

As mesmas empresas de construción naval requiren, ademais de laminadores de poliéster e empastadores, carpinteiros de ribeira e naval para confeccionar os modelos dos cascos e as cubertas, paso previo a

Na Escola
Obradoiro "Mar
de Vigo II"
fórmase en
especialidades
que pretenden
combinar a
tradición coas
novas técnicas
de construción
naval

derá en grande medida as perspectivas de crecemento do sector e, con elas, a incorporación ó mundo laboral de novas xeracións de mozos vencellados ó mar.

Escolas abertas



Armazón de barco construído por alumno/as-traballadore/as da E.O. "Mar de Vigo II"

elaboración dos moldes das embarcacións, así como profesionais para a habilitación dos interiores. Nunha palabra, da competencia que amosemos para "vender" as nosas rías coas súas singularidades, os seus variados atractivos, coa posibilidade de navegar a vela case todo o ano, coa súa alta capacidade de acoller amarres e coa súa situación xeográfica de paso e arribada de navegantes (dos 7.000 que pasan polas nosas costas só recalán o 10%), etc., depen-

A Escola Obradoiro "Mar de Vigo II" sitúase nestes parámetros de actuación. Apostamos polo reto de formar a 45 mozo/as da nosa vila nunhas especialidades que pretenden combinar a tradición (construción dun bote polbeiro e unha traiña) coas novas técnicas de construción naval (cruceiro MDV), así como a preparación de persoal cualificado que dea resposta ás necesidades e demandas dun sector que se está diversificando rapidamente.

A visión de tres monitores do obradoiro de emprego "Restauración de Tui"

Escolas abertas

A formación de mulleres en especialidades de traxectoria masculina



Alumnas-traballadoras do O.E. "Restauración de Tui"

Tres monitores do obradoiro de emprego "Restauración de Tui", que conta con 29 alumnas - traballadoras e tan so un alumno - traballador, describen a súa experiencia na formación e no traballo diario con mulleres en especialidades como a albanería, a carpintería ou a cantería, que tradicionalmente son profesións desenvolvidas principalmente por homes. Ó

longo de tres artigos, Antonio Castro Ferreño (monitor de albanería), Gonzalo Miñán Iglesias (monitor de cantería) e Mario López De Vicente (monitor de carpintería) falan das dificultades que se atopan as mulleres no momento de aprender estes oficios, así como das expectativas de cara a unha futura inserción laboral nun mercado laboral dominado por homes.

É necesario facerlles ver que están capacitadas

Antonio Castro Ferreño

Monitor de albanelería do OE "Restauración de Tui"

Dende o meu punto de vista, o principal problema co que se atopa un docente cando ten que formar a mulleres é facerlles ver que están capacitadas para desenvolver as diferentes tarefas de albanelería, é dicir, quitarlles do pensamento a idea de que é "cousa de homes" e que poden facelo igual de ben que calquera deles. Así mesmo, nós

**Fóra de Galicia,
na construción,
as mulleres son
moi valoradas,
incluso,
consideradas
mellores que os
homes para
certas tarefas**

-docentes homes- ás veces debemos loitar contra posibles prexuízos que nos fan dudar o que é certo: que traballan tan ben ou mellor que os seus compañeiros do sexo contrario.

As dificultades maiores, neste labor de concienciación, están na propia idiosincrasia galega, xa que cómo explicarlles, nas provincias de fóra de Galicia as mulleres, na construción, son moi valoradas e, incluso, para algúns traballos consideradas moito mellores que os homes. Refírome a tarefas tales como: azulexar, poñer solados, atar

ferros, poñer rodapés e, especialmente na tarefa de realizar retoques por ser máis pacientes e curiosas.

As expectativas da muller de cara á inserción laboral son duras, as razóns principais son o horario e a mentalización dos empresarios. Unhas e outros pensan que non poden, elas por cargas familiares e os empresarios porque temen que vaian faltar moitos días ó seu posto de traballo por ter que ocuparse de "certas cousas" que os seus maridos ou parellas non queren facer ou compartir.

Para calquera docente en xeral e para os que traballamos no eido do programa de escolas e obradoiros en particular, todo o que acabo de sinalar ten evidentemente unha repercusión. A formación é a mesma para calquera persoa, sen distinción de xénero, pero, polo xeral, temos máis posibilidades de colocar a un home que a unha muller, e a nosa satisfacción é ver colocado a todo o alumnado.

*Alumnas-traballadoras
do O.E. "Restauración de Tui"*

Escolas abertas



Motivalas para que sigan traballando no oficio unha vez rematado o obradoiro

Gonzalo Miñán Iglesias

Monitor de Cantería do OE "Restauración de Tui"

Escolas abertas

Dende a miña visión como experto docente en cantería, non ten un significado especial que o alumnado sexa feminino, xa que estas están igual de capacitadas que os homes para desempeñar o seu traballo.

A principal dificultade que atopo é a motivación de cara a seguir traballando neste oficio cando remate o obradoiro. A realidade é que unha alta porcentaxe das mulleres que participan nestes proxectos non o fan porque estean na procura dunha saída profesional, senón que a súa motivación é contar cun salario durante un ano, e ó rematar este

periodo, volta ás tarefas da casa ou a outras ocupacións que desempeñaban con anterioridade.



Outro obstáculo cara á formación é que para a maioría das mulleres, esta especialidade, soe ser unha segunda opción. É dicir, cando se anotan para participar no obradoiro soen estar interesadas noutras especialidades, a imposibilidade de entrar nelas por xa estar cubertas, lévaas a aceptar unha praza en cantería, pero fano un tanto decepcionadas.

Unha vez que se pon en marcha o obradoiro e se inicia a dinámica de traballo, o rendemento é na maior parte dos casos satisfactorio. Sen embargo, cando este remata, o nivel de inserción no mercado laboral é moi baixo, o que pode levar a pensar que non se acadou o obxectivo final da escola ou do obradoiro.

As mulleres están igual de capacitadas que os homes para desenvolver calquera tipo de traballo

Non hai fronteiras para que unha muller se desenvolva profesionalmente

Mario López De Vicente

Monitor de Carpintería do OE "Restauración De Tui"

Como monitor e formador de persoas adultas, neste caso mulleres entre 26 e 56 anos, teño observado diferencias entre as alumnas-traballadoras na capacidade de aprendizaxe e nas destrezas manuais. Cada muller evoluciona ó seu ritmo, non pola idade senón pola vida que levan.

Ó principio moitas alumnas téñenlle medo ás máquinas pero ó remate da aprendizaxe o superan

Centrándonos nas diferencias entre xéneros, dende a miña dobre posición de traballador da carpintería e docente, creo que nesta ocupación non hai fronteiras para que unha muller se desenvolva profesionalmente. Dende que levo exercendo como monitor no programa de escolas e obradoiros puiden comprobar que, de partida, as alumnas séntense inseguras á hora de empregar unha máquina, por moi pequena que esta sexa (por exemplo, taladro), a razón principal é que na súa vida cotiá non as utilizan, e de intentar facelo atópanse con impedimentos xa que, tal e como elas me expresaron "o meu marido non me deixa collelo porque pode taladrar a parede dun lado ó outro".

O dito, ó principio todas teñen medo ás

máquinas, pero ó remate da aprendizaxe simplemente lles teñen respecto, xa que ó longo deste proceso foron adquirindo destreza, autonomía e confianza no que estaban facendo e cada unha delas se ía sentindo cada vez máis orgullosa dos resultados do seu labor.

A maioría das traballadoras que entran no obradoiro estaban anotadas na oficina de emprego, e polo tanto as chamaron para participar no proxecto. A estas mulleres pódelles interesar máis ou menos as tarefas a realizar e o posto a desempeñar por canda unha. Unha porcentaxe das miñas alumnas están aquí por ter un traballo e diñeiro, pero a profesión en si non lles interesa. Esta falta de motivación cara a carpintería como actividade na que desenvolverse profesionalmente vai repercutir negativamente na súa actitude cara a busca de emprego nun posto relacionado coa especialidade.



Escolas abertas

Charla co alumnado-traballador do obradoiro de emprego "Covelo-Natura"

"Os obradoiros non son suficientemente coñecidos"

Obraquedobra

Coloquio-entrevista da titora da escola obradoiro "Covelo Natura", Ana María González Mora, co alumnado-traballador das tres especialidades: Alejandro dos Santos Pardellas (albanelería), Ana M^a Vázquez Fernández (carpintería) e Graciano Costal Sánchez (fontanería-electricidade)



Ana, Graciano e Alejandro.
Alumno/as-traballadore/as
do O.E. "Covelo-Natura"

Titora: ¿Tiñades coñecemento de en que consistía un obradoiro de emprego antes de entrar a participar nel?

Alejandro: Sabía que existían escolas obradoiro porque hai anos tivemos un aquí. Lembro o módulo de cantería que fixo traballos na Casa Rectoral de Sta. Marina.

Ana: Non sabía en qué consistía.

Graciano: Tiña unha idea.

Titora: ¿Qué aspectos positivos e / ou negativos lles vedes?

Positivos:

Ana: Ademais de aprender, tes a oportunidade de realizar un traballo remunerado, é dicir, tes un emprego.



Alumnos-traballadores
do O.E. "Covelo-Natura"

Outro aspecto positivo é que se rehabilita un patrimonio común.

Alejandro: Significa unha opción de aprender un oficio novo e de ter traballo.

Ó aprender algo novo tes unha oportunidade de realizarte, é unha experiencia máis, sobor de todo para aquelas persoas que nunca tiveron un emprego.

Graciano: Para min o principal é a formación, noutro momento da miña vida faríao sen cobrar. Pero de feito existe xente que aínda cobrando, non ten o suficiente interese.

Todos coinciden en que hai un abanico amplo de posibilidades formativas: orientación laboral, charlas de prevención de riscos, informática, ...

Negativos:

Os tres comentan que a orientación laboral debería ser máis operativa.

Alejandro: A duración do Obradoiro debería ser maior a un ano, para adquirir máis formación e experiencia. Con máis tempo poderíase rematar a obra. As veces atopámonos con dificultades na obra: diferencias entre planos e obra real, temas de seguridade xa que se hai problemas pódense

te paralizar a obra, etc. Outros condicionantes son a necesidade de coordinación de andamios que compartimos entre os módulos de carpintería e albanería, necesitaríamos máis arneses e o transporte é insuficiente xa que contamos só cunha furgoneta.

Ana: Tamén penso que a duración do Obradoiro debería ser de dous anos. Ademais os alumnos que están preparando o Graduado en ESO, poderían obtelo agora que se necesitan dous anos.

Graciano: Un ano é pouco tempo especialmente para nós, que temos dúas especialidades no mesmo módulo, é inabarcable. O módulo de fontanería - electricidade deberían ser especialidades independentes, xa que así se abarca moito en pouco tempo.

Os tres desexarían que o módulo de informática durara máis de 30 horas pola proxección de futuro que ten.

Titora: ¿Considerades que cando finalice o obradoiro ides estar o suficientemente preparados para desenvolver o oficio nos que vos están formando?

Coinciden todos en que están máis preparados do que estaban, pero non o suficiente porque un ano é pouco tempo. Apréndese moito en pouco tempo, e se necesitaría máis tempo para consolidar a formación.

Ana: Saes cunha base do oficio, e se empezaches de cero non estás preparado. Nunha empresa necesitaríamos máis supervisión e / ou adquirir experiencia.

Obraquedobra

*Alumnos-traballadores
do O.E. "Covelo-Natura"*



Graciano: Saes do obradoiro cuns coñecementos, pero dependendo da empresa e dos traballos a realizar poden ser útiles ou non. Pero normalmente o empresario xa sabe máis ou menos o que sabes realizar o saír de aquí.

Titora: Os que xa traballastes anteriormente no oficio, ¿actualmente, coa formación que estades recibindo, sentidesvos máis preparados? ¿En que aspectos?

Ana: En carpintería non hai ningunha persoa que xa desempeñara o oficio.

Alejandro: En albanería hai persoas con experiencia o que supón unha dobre vantaxe: adquire coñecementos novos e aportas tamén suxerencias útiles de traballos anteriores.

Graciano: Si, sintome máis preparado xa que a formación me serve para asentar coñecementos adquiridos antes.

Titora: ¿Credes que os obradoiros de emprego son suficientemente coñecidos pola sociedade?. De considerar que non ¿qué é o que se debería facer para dalos a coñecer?

Os tres coinciden en que non son suficientemente coñecidos.

Alejandro: deberían promovelos máis a nivel de Concello, para que chegara a coñecemento de todos/as, sobor de todo de aquelas persoas que viven máis lonxe para que así tiveran acceso ó emprego.

Ana e Graciano: Tamén a nivel da Xunta, que o divulguen por radio, prensa e televisión, como os anuncios de "enrolate na marina". Tamén poderíanse facer xornadas

de portas abertas para dalo a coñecer á xente do pobo, exposicións fotográficas, ...

Titora: ¿Que opina a vosa familia, amigos, veciños da vosa formación nun obradoiro?. ¿Sabían da existencia destes proxectos?

Ana: A opinión da familia é moi positiva. Entrar nun obradoiro supón acceder a un emprego e, polo tanto, trátase dun beneficio para ti e dunha satisfacción para a familia.

Graciano e Alejandro opinan do mesmo xeito.

Ana: Algúns veciños pensan que a selección non é obxectiva. Ás veces hai envexas xa que hai xente que non foi seleccionada e está descontenta, e se pregunta porque ela non entrou no Obradoiro e ti si.

Os amigos apoiante, saben que hoxe en día tal como está o mercado laboral unha persoa ó longo da súa vida pasa por distintos empregos.

Alejandro: Como algúns veciños descoñecen en qué consiste un obradoiro, pensan que aquí se ven a xustificar un salario, só se fixan en se a obra avanza ou non e non se dan conta de que a nós non se nos pode pedir o rendemento dun experto, porque estamos aprendendo. Ademais, hai complementarias e tempo de formación na especialidade e iso tamén ocupa parte do noso horario.

Graciano: Iso sucede por descoñecemento do que significa un obradoiro de emprego. Os amigos e a familia saben de que vai isto e me animan.

Ana e Alejandro: Comentan que algúns amigos opinan que este traballo ten moitas vantaxes: vacacións, traballar só en xornada de mañá, etc., condicións que van botar de menos cando estean noutra empresa.

Titora: ¿Como vedes vos, a vosa familia, os vossos amigos que o labor de restauración da Casa Rectoral de Sta. Marina supoña un ben para todos?

Alejandro: Paréceme ben, o que non me gustaría e que non se rematase.

Ana e Graciano son da mesma opinión, os tres desexarían que outro obradoiro poidera rematar a obra e que se utilice para uso común.

As súas familias e os seus amigos non viron de momento a restauración e ven ben que supoña un beneficio para os veciños porque a Casa Rectoral levaba abandonada anos.

Titora: ¿A qué estades dispostos e a qué non por un traballo, que lle esixides?

Dispostos:

Alejandro e Ana: A traballar máis horas pero sen escravizarse; a vida non é só traballar. Traballaría unhas 10 horas diarias.

Graciano: Eu só traballaría 10 horas se me pagan as horas extras.

Ana: A adquirir maior formación se o traballo o esixe.

Os tres estarían dispostos a desprazarse, a traballar en especialidades diferentes ás súas, a aportar o que poidan dentro da empresa, a traballar sen dereito a vacacións pero tendo algún día do fin de semana libre, e a traballar en exteriores pese ás inclemencias do tempo.

Non dispostos:

Ana: A un traballo no que me exploten, por exemplo: non traballaría na hostalaría xa

que non tería horas para poder atender os meus fillos.

Graciano e Alejandro: A traballar por un soldo insignificante que non che dea para vivir, tampouco aceptarían que o seu xefe/a os degraden como persoas no seu traballo.

Ana: Respecto a isto último eu rebelaría-me, pero segundo as miñas necesidades aguantaría ou non na empresa.

Os tres non poñerían o seu coche para realizar o traballo se non lle pagan quilometraje, excepto que sexa un soldo moi bó que compense.

Alejandro: Na realidade utilizar o coche propio nunca acaba compensando. Saes perdendo.

Titora: Finalmente, ¿cales son as vosas perspectivas cara atopar un traballo ó remate do Obradoiro? ¿Cómo vedes a situación do mercado laboral?

Os tres: Atopar un traballo mellor porque estamos máis cualificados dentro da especialidade.

Alejandro: Eu son optimista porque sempre traballei e non me vou quedar parado. Nembargantes o mercado laboral está mal, os empresarios teñen máis opción para o despedido, logo existen moitos contratos-lixo, noutras empresas contrátante como autónomo e podes saír perdendo.

Graciano: En especialidades como fontanería e electricidade hai moitas pequenas empresas con un ou dous empregados que soen ser axudantes e os salarios son baixos. Hai empresarios que só buscan o rendemento e lucrase, ganar moito en pouco tempo e non pagan ós empregados o que deberían.

Obraquedobra

Alumno-traballador
do O.E. "Covelo-Natura"



O positivo da convivencia intercultural

Sara Díaz Giménez

Alumna-traballadora da EO "Monteporreiro II" de Pontevedra

Obraquedobra

*Sara Díaz Giménez.
Alumna-traballadora
do O.E. "Monteporreiro II"*

Chámome Sara, teño 21 anos e son de etnia xitana.

Cando se me brindou a oportunidade de empezar a formarme e traballar na Escola Obradoiro de Monteporreiro sorprendeume, para min era unha situación que nunca pensei que se me daría debido ás miñas características étnicas.

Unha amizade da miña mesma idade e de costumes diferentes, convenceume para facer un intento por participar no proxecto e, desta forma, probarme a min mesma. Expliqueille ós meus pais e irmáns a idea e accederon de bo grado. De todos os xeitos, eu non ía moi convencida.

Os primeiros días na escola obradoiro dediqueinos a coñecer ós meus compañeiros de clase, meterme na súa maneira de pensar, costumes e estilos de comportamento,



sendo reciproca con eles en canto ás miñas propias e diferentes costumes e forma de pensar.

Creo sinceramente que o enriquecemento cultural foi mutuo e proveitoso. As distintas fases de xardinería, especialidade que elixín para o meu

desenvolvemento laboral, abriron en min un gran abano de sentimentos e posibilidades ata agora alleas.

Gracias á paciencia e o bo facer do profesorado, hoxe sei que podoo chegar a desenvolver traballos antes impensables para min, xa que aprendín a realizar tarefas como facer dun erial un oasis, descubrín o milagre da vida vexetal a través dunha simple herba ou a exuberancia dunha flor cuxa semente sementei, reguei e coidei eu mesma.

Estes coñecementos imprimiron na miña persoa unha seguridade tal que hoxe podoo enfrontarme á vida sen medo ós zarzais cheos de espinas que o futuro poda depa- rarme.

Hoxe sei que
podo chegar a
desenvolver
traballos antes
impensables
para min

Acadar maior cualificación profesional e académica nunha escola obradoiro

David Pérez Fernández

Alumno-traballador da Escola Obradoiro Granxa da Rúa II

A falta de profesionais preparados para desenvolver determinados oficios estase deixando notar ultimamente ante a grande demanda que se ten deles. A moitos dos veteranos chégalles o momento de descansar, namentres que a maioría da xuventude non parece interesarlle excesivamente a busca de emprego. É nese momento cando hai que facerse unha pregunta: ¿Cal é a causa desa carencia? A resposta máis lóxica a dita cuestión podería ser: "É moi difícil aprender un oficio".

Por ese motivo precisamente xurdiron as escolas obradoiro, centros de formación e aprendizaxe para que as novas xeracións continúen polos camiños que construíron os "antigos".

Coido que o que facemos nunha escola obradoiro axuda a mellorar a man de obra, xa que así a xente está máis preparada e especializada. Como consecuencia temos mellor coñecemento do traballo que estamos facendo e incluso dos riscos que comporta (desa maneira evitamos riscos laborais).

Nunha escola, sintome satisfeito de realizar unha labor ben feita ó estar traballando en algo que me gusta e onde coñezo mellor o terreo que piso. A miña familia e os meus amigos opinan que debería haber moitas iniciativas coma esta na que a xente dunha idade determinada teña acceso a un posto de traballo.

E todo iso está moi ben, por suposto, ¿pero que sucede se algún de nós pretende crear a súa propia empresa? Obviamente, non todo é ter os cartos e o local, tamén se debe ter unha boa planificación do que se quere acadar e levar a cabo, así como dos medios que se precisan para chegar a ese fin. Pois tamén niso nos axudan nunha escola obradoiro, xa que tamén se imparten clases de Orientación Laboral, nas que, ademais desa axuda, damos consellos e pequenos trucos para poder ter máis probabilidades de conseguir un posto de traballo, ben por un mesmo ou nunha empresa.

Ademais, por unha ou outra circunstancia, moitos mozos e mozas que estamos nas escolas obradoiro, non temos acadado o Título de Graduado na ESO, que tamén é importante para acceder a un posto de traballo. Ese era o meu caso ó inicio da escola, pero gracias á man que me botaron, obtiven o título ós primeiros meses de empezar. En definitiva, dentro do conxunto de posibilidades que ofrece un lugar coma este, temos a oportunidade, namentres estamos aprendendo un bo oficio, de poder continuar esa tarefa pendente que son os estudos, algo indispensable se queremos afrontar a nosa vida futura con máis garantías de éxito das que podíamos ter anteriormente.

Para rematar so me queda desexarlles que este pequeno artigo fora de axuda ou interese. Considérome un bo albanel, mais non un bo escritor.

Importancia da igualdade de oportunidades en formación e emprego

Silvia Rodríguez e Carme López

Técnicas de Igualdade de Oportunidades

EQUAL-Compás A.D. Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

A igualdade de oportunidades entre homes e mulleres defínese como a "eliminación de obstáculos sociais que marcan desigualdade por razóns de sexo", ¿como se manifesta esta situación de desigualdade, entre homes e mulleres, no ámbito do emprego?, os datos que incluiremos a continuación darán unha serie de pistas de cómo se exteriorizan estas desigualdades

Durante o ano 2003 a porcentaxe de desempregadas no territorio da Mancomunidade de Vigo foi dun 63% fronte a un 37% de homes, segundo os datos facilitados polo Observatorio Ocupacional do Instituto das Cualificacións da Xunta de Galicia. Esta porcentaxe sinala que a taxa de desemprego nas mulleres é case o dobre que a masculina. Isto amosa a desvantaxe coa que se atopan as mulleres no acceso ó mercado de traballo, influída por factores como prexuízos sociais nos procesos de selección, subrepresentación en determinados ámbitos profesionais (industria, construción, etc.), diferentes oportunidades para a capacitación profesional, expectativas sociais respecto ó desempeño profesional, barreiras internas como o "fenómeno teito de cristal" (que afecta a mulleres directivas), etc. Así mesmo, só un 30% do total de persoas empresarias son mulleres, sinalando unha vez máis a desigualdade con respecto da porcentaxe dos homes.

Comparando a evolución do desemprego na Mancomunidade de Vigo con rela-

ción ós totais de Galicia, confirmamos que a taxa de paro nas mulleres segue sendo superior á dos homes. Centrándonos nalgúns factores que inflúen nas desigualdades no ámbito laboral podemos comentar os seguintes:

- Concentración das mulleres nun número reducido de actividades como servizo doméstico, dependentas, camareiras de pisos, saúde, coidados ou beleza, que prolongan ou formalizan os roles establecidos segundo a socialización de xénero.

- Barreiras como a discriminación salarial (menos dun 20% en traballos de igual valor), o que podemos identificar como discriminación horizontal.

- Menos oportunidades na promoción da carreira profesional, o que se identifica en escasas oportunidades para mulleres directivas, que corresponde coa discriminación vertical.

- Precariedade laboral en postos con contratos temporais, ámbitos profesionais peor remunerados e con emprego precario (exemplo, servizo doméstico).

- Outras formas de discriminación indirecta manifestadas na xestión dos recursos humanos, na selección de persoal, na menor diversificación profesional.

É necesaria a introducción de accións correctoras e concretas para a consecución da Igualdade de Oportunidades

A partir desta relación de datos, e tendo en conta que son numerosas as investigacións sobre a temática da discriminación de xénero, en España e noutros países do noso entorno, conclúese que:

A posición subordinada das mulleres na política, no mercado laboral, na economía, etc., non desaparecen automaticamente coa aplicación de medidas neutras, senón que para que se produza o cambio é necesario a implantación de medidas de acción positiva, é dicir á introducción de accións correctoras e concretas para a consecución da Igualdade de Oportunidades.

A Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres está presente en tódalas políticas da Unión Europea, nos seus tratados, directivas, recomendacións, resolucións e programas de accións específicas. A súa incorporación, baseada na análise da realidade e na situación de discriminación por cuestión de xénero existente.

Estas políticas foron evolucionando ata o momento actual no que se está a desenvolver o principio de "transversalidade". Este principio é a integración da perspectiva de xénero no conxunto das políticas de forma que haxa unha aplicación constante ás distintas situacións, prioridades e necesidades das mulleres e homes en todas as políticas (emprego, educación, política, saúde, etc.).

O traslado da transversalidade ó eido dos proxectos de emprego e formación garantirá un cambio na perspectiva de intervención no traballo con mulleres. Para lograr

resultados óptimos, as accións que se planifiquen destinadas a orientación, autoemprego e formación laboral para mulleres terán que contemplar unha serie de actuacións antes, durante e despois das mesmas:

- Analizar minuciosamente os datos relativos ás mulleres no territorio onde se implan-te a acción.
- Establecer a porcentaxe representati-va de mulleres en base a porcentaxe total de desempregadas.
- Pór en marcha servicios de acom-pañamento para infancia e terceira idade tanto para mulleres como para homes.
- Incentivar o uso de metodoloxías específicas na orientación laboral, conside-rando as dificultades que as mulleres atopan tanto no desenvolvemento da carreira pro-fesional como no crecemento persoal.
- Visibilizar aspectos da socialización diferencial na formación ocupacional.
- Facilitar a incorporación laboral de mulleres a oficios tradicionalmente masculi-nos dende unha perspectiva globalizada.
- Incluír diferentes accións de sensibiliza-ción no territorio como seminarios, xornadas, campañas.
- Realizar, no caso de programas mixtos, unha análise funcional para evitar que nun mesmo posto se realicen durante a fase de formación-experiencia tarefas diferentes segundo o sexo.
- Formar en igualdade de oportunita-des a equipos técnicos do proxecto e do territorio.

Pinceladas dun profesional vencellado ó colectivo de drogodependentes

Juan A. González Pérez
Fundación Érguete-Integración

Dende 1997, a Fundación Érguete-Integración participa como entidade promotora no Programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego co fin de formar e facilitar a incorporación sociolaboral de persoas en situación de exclusión social ou en risco de estalo. O balance dos resultados obtidos ó longo dos diferentes proxectos foi e está sendo altamente positivo.

Esta avaliación dos logros acadados pode realizarse dende moitos eixes: polo grao de formación acadado polos alumnos e alumnas, pola porcentaxe de inserción ó mundo laboral ou pola integración de moitos deles nunha sociedade que na maioría dos casos tiñalle "dado as costas", incluso, si se quere, por ter empregados, durante un ano ou ano e medio, a case que cento noventa persoas nun traballo suficientemente digno. Tamén podemos cualificar, como positivo, o labor de cualificación. Neste senso, debemos sinalar que ó longo dos sete anos temos formado a 54 persoas como carpinteiros ou carpinteiras, a 53 como fontaneiros/electricistas, a 56 como albaneis e a 24 como xardineiros e xardineiras e, polo tanto, o mercado laboral da cidade de Vigo veu ampliado positivamente o número de profesionais dispoñibles para empresas ou, directamente, a través do autoemprego.

Finalmente, dende unha perspectiva institucional, debemos pensar que estes últimos anos de traballo da Fundación Érguete-Integración no eido dos programas de formación-emprego, fan que se consolide

como unha entidade sen ánimo de lucro cunha responsabilidade xeral de mellorar a empregabilidade da nosa cidade.

Dende a Fundación estamos seguros que o programa de Escolas Obradoiro e Obradoiros de Emprego é unha magnífica vía de cara á formación e posterior ocupación de persoas desempregados/as, pero tamén podemos afirmar que, revisando algunhas cuestións puntuais, podería converterse nese tan ansiado e eficaz programa de emprego que ideou nos anos oitenta o arquitecto e debuxante José M^a Pérez González "Peridis" e que plasmou na rehabilitación do Mosteiro de Santa M^a la Real de Aguilar de Campoo, no norte da provincia de Palencia. De feito, como en calquera outro proxecto, é necesario empezar por replantexarse a primeira fase do mesmo. Dende o meu punto de vista, sería importante que a concesión a entidades públicas ou privadas de proxectos de escolas obradoiro e obradoiros de emprego se rexera, máis si cabe, por criterios de necesidade espacial, ou sexa pola prioridade de conceder ditos programas a aqueles concellos, mancomunidades, fundacións, etc., nos que a necesidade de formar e empregar persoas tivera un peso específico significativo considerable. Con isto quero dicir que deberíamos buscar aqueloutras zonas onde a cantidade de persoas en situación de desemprego sexa elevada ou aqueloutras onde a demanda empresarial por traballadores/as especializados/as nalgunha profesión sexa importante.

Así mesmo, á hora de redactar os proxectos os técnicos deben ter en conta que estes teñen que ter uns obxectivos claros e unha obra ou servizo a realizar que, por unha banda, sexa o suficientemente complexo, o que permitirá que o alumnado traballador adquira a capacitación necesaria e imprescindible para chegar a formar parte do difícil mundo laboral. E, por outra, o suficientemente realista co período temporal co que se conta nos programas de escolas e obradoiros para desenvolver as accións: entre un ano e ano e medio.

Outra das cuestións que considero importante analizar é a selección dos participantes dos obradoiros de emprego. Segundo as actuais bases de selección o obradoiro "ideal" sería o composto por mulleres ou homes maiores de sesenta anos e que levan inscritos/as na Oficina de Emprego máis de vinte anos, verdadeiramente ¿alguén pode crer que a filosofía de incorporación laboral logo esixida podemos levala a cabo deste xeito?. Con isto non quero dicir que estas persoas non deban ou non sexan obxectivo dun programa de emprego pero a realidade é que debería buscarse persoas cuxa disposición ó aprendizaxe e a posterior inserción fose maior.

En canto a aquelas persoas que pola súa adición as drogas, un dos colectivos primordiais o que se dirixe a Fundación, atópanse sen un traballo ou sen a formación necesaria para acceder a el, o proceso de selección é si cabe aínda máis importante. O Programa de Obradoiros e Escolas debe converterse para estas persoas nun último paso dentro do seu proceso terapéutico, as veces utilizamos máis o corazón que a cabeza á hora de incorporar estes usuarios ós proxectos e, sen lugar a dúbidas, estamos a equivocarnos. A experiencia de catro proxectos levados a cabo dinos que si a persoa non está seguindo un tratamento terapéutico individualizado por parte de especialistas ou non se atopa abstinente, as posibilidades de fracaso son moi elevadas. E neste sentido, quixera engadir unha última crítica construtiva formulada por unha persoa que cre firmemente no Programa tanto de Escolas Obradoiro como de Obradoiros de Emprego e que os considera como unha excepcional

vía de formación e emprego. O que desexo sinalar é a necesidade de axuntar esforzos, de que os diferentes organismos implicados no desenvolvemento destes proxectos traballen máis en equipo cara a mellora das posibles deficiencias, se isto se logra, estes proxectos proporcionarán os instrumentos teórico-prácticos necesarios para que cada quen poida estar en condicións de acceder o mercado laboral. Isto é importante xa que nos xogamos moito, tanto as entidades promotoras como os centos de persoas que teñen o privilexio de acceder a estes programas.

A Fundación Érguete-Integración leva promovidos catro proxectos: a Escola Obradoiro Xermolo (1997/99) dirixido a 45 persoas menores de 25 anos e cunha obra de rehabilitación dos baixos que albergan as instalacións da Fundación e a Asociación Érguete; un Obradoiro de Emprego, Bidueiro I (2000/2001), dirixido a 45 persoas maiores de 25 anos coa acción de Rehabilitación-construcción da gardería infantil para nenos con parálise cerebral da Asociación Hoy por Mañana; outro Obradoiro de Emprego, Bidueiro II (2002/2003), no que 48 persoas maiores de 25 anos levaron a cabo a obra de Rehabilitación da Casa da Xuventude e dun espacio definido no Monte do Castro; e o Obradoiro de Emprego Bidueiro III, proxecto en funcionamento ata novembro de 2004 e dirixido tamén a 45 persoas maiores de 25 anos co obxectivo de Rehabilitación do Edificio do Eixo Atlántico e dun espacio definido no Monte do Castro. No futuro, quereamos seguir apostando polas escolas e os obradoiros de emprego como unha das mellores e máis acertadas solucións cara a incorporación social e sobre todo laboral dos nosos usuarios.

Quero rematar o artigo sinalando que nas mans das entidades promotoras, da administración ou dos equipos directivos e monitores baixo cuxa responsabilidade fanse realidade estas iniciativas, está que consigamos polas en valor. No valor que realmente se merecen como xeradoras de emprego a través da formación teórico-práctica, e é que sigo considerando "a formación como a clave fundamental para acceder e manter un emprego".

Notas en torno ó feísmo

José Manuel Búa Gil
Arquitecto

Apuntamentos

Non cabe dúbida de que "feísmo" é un termo de actualidade, no que se refire á realidade urbanística de Galicia. Afondando na súa acepción, habería que comezar aclarando que dende o punto de vista da Historia da Arte, "feísmo" se corresponde cunha corrente artística na que se reivindicaban os valores estéticos do convencionalmente considerado feo, e que polo tanto é carente dos condimentos que, para a xente da rúa, se mesturan axeitadamente dando á luz a beleza.

Nembargantes, na cultura urbanística

O concepto feísmo alude a un fracaso xeral da sociedade galega

galega esta palabra designa un concepto que va máis aló, posto que alude a un FRACASO XERAL da sociedade galega das postrimerías do século XX en compasar un innegable e importante progreso económico cunha implantación harmoniosa da obra constructiva do home sobre o territorio. Isto desemboca ata o día de hoxe, nos inicios do século XXI, nun proceso de DEGRADACIÓN PAULATINA DUNHA PAISAXE como a nosa, dotada especialmente pola Natureza. A constatación desta realidade deu lugar a unha óptica proteccionista sobre o medio rural reflectida na redacción dunha polémica nova Lei do Solo de Galicia (LOUGA 9/2002), e máis recentemente ó establecemento dun convenio entre o Colexio de Arquitectos e a Xunta de Galicia para promover os coñecementos de Arquitectura e Urbanismo, nos nenos desde a etapa da ESO. Esta iniciativa, chamada Proxectoterra é pioneira en Europa, e supón un primeiro paso no bo camiño para acadar unha cultura urbanística para o conxunto dos galegos, que sen dúbida traerá resultados positivos no futuro.

proceso de DEGRADACIÓN PAULATINA DUNHA PAISAXE como a nosa, dotada especialmente pola Natureza. A constatación desta realidade deu lugar a unha óptica proteccionista sobre o medio rural reflectida na redacción dunha polémica nova Lei do Solo de Galicia (LOUGA 9/2002), e máis recentemente ó establecemento dun convenio entre o Colexio de Arquitectos e a Xunta de Galicia para promover os coñecementos de Arquitectura e Urbanismo, nos nenos desde a etapa da ESO. Esta iniciativa, chamada Proxectoterra é pioneira en Europa, e supón un primeiro paso no bo camiño para acadar unha cultura urbanística para o conxunto dos galegos, que sen dúbida traerá resultados positivos no futuro.

Problemática do medio rural e realidade urbanística galega

A paisaxe defínese como a percepción subxectiva do medio que no caso de Galicia está a falar dunha particular relación dos galegos coa súa terra. A PAISAXE AMÓSASE "HUMANIZADA", transformada pola acción do home, nun longo devir de adaptación do territorio. Moitas das nosas áreas rurais atópanse fortemente distorsionadas a causa dun crecemento desorganizado e incontrolado das vivendas.

Aquelarre en Gandarío

3 Cantos de amor a terra. Escea I

Corría o ano do Señor de 1637, e naquela fraga de vermello escuro, preto de Gandarío, ía producirse a terceira conferencia de meigas no século. A piques de acadar o primeiro mes desde o equinoccio de outono o bosque vestiase de todas as cores, de verde, amarelo e de fogo, pero nesa noite a néboa e a chuvía fina apoderáronse do contorno, como tiñan por costume nesa clase de eventos. Naqueles tempos de fame e guerras constantes proliferaba o oficio de meiga, tanto o máis que o de labrego, e moito máis que o de menciñeiro. As mulleres que por alí andaban fixeron voar algo máis que "pecados", saíndo daquelas bocas desdentadas. Discutiron e pelexaron sen tregua ata ben entrada a madrugada, cando xa nos osos tiñan musgo, e decidiron poñer remate ás riñas cunha boa queimada de augardente branca que lles quitara fragor nas mentes, para levalo ós corpos aterecidos xa de frío.

Despois de falar longo sobre coñecementos novos de pócimas e conxuros, xurdidos daquelas cocinas do demo, esas femias misteriosas tiñan corazóns limpos e apaixonados cando lembraban dos seus fillos... Terían tamén que fuxir? Emigrar lonxe?, ou poderían co gallo dun golpe de sorte, medrar ledos cos pés quentes, nun fogar de pedra bela e forte, naquelas terras verdes, de fontes cantariñas, que tanto amaban, onde de cando en vez saía o sol.

Tarde remataron aquel encontro. As vasoiras subiron ó ceo por riba das copas das árbores, e nun intre diminuto estouparon en tódalas direccións da rosa dos ventos.

(.....SEMPRE FOI O AMOR Á TERRA)

O medio rural tradicional experimentou ó longo das últimas décadas unha forte transformación, orixe de grandes desequilibrios territoriais. A situación de relativo equilibrio que viña mantendo o territorio galego acada unha PROFUNDA CRISE co proceso de URBANIZACIÓN MODERNA, diluíndose a diferenciación anterior campo-cidade, a pesares da gradación espallada que sempre caracterizou ó poboamento en Galicia.

Hoxe en día o medio rural amosa un conxunto complexo de construcións de orixe, tipoloxías e funcións diversas. A arquitectura rural tradicional é anónima, feita para resolver necesidades concretas e intimamente relacionada cos seus modos de vida. Se integra de xeito satisfactorio co medio no que se inserta, partindo dun oficio artesanal e cheo de racionalidade. Baséase, como afirma Gallego Jorreto nunha economía formal, de austeridade exterior e o emprego de materiais a pé de obra. Presenta xeralmente unha grande riqueza espacial interior, cunha boa interrelación e gradación de espazos privados e comunitarios, e unha máis que axeitada articulación entre espazos interiores e exteriores, incluso con zonas de usos múltiples.

Toda actuación sobre o hábitat rural debería partir dunha REINTERPRETACIÓN CREATIVA DO PASADO adaptándoo as novas necesidades e premisas. As obras de construción tiñan o seu propio "tempo", sen as urxencias que caracterizan estas últimas décadas. Por outra banda, a aparición de novas solucións constructivas, novos materiais e novas tecnoloxías veñen a supoñer unha alteración radical no proceso natural de transformación da arquitectura, que neste senso sufriu unha clara fractura da continuidade histórica no eido do autóctono, aderezada por uns procesos de emigración-retorno e un século XX con concepcións estéticas aínda mal asimilados, que redundaron nunha desorientación xeneralizada respecto dos parámetros de Tempo e Espacio que sempre definiran a Arquitectura ó longo da historia.

Por outra banda, e máis especificamente nos ámbitos próximos ó medio urbano, a falta de planeamento, a permisividade no

tocante á disciplina urbanística, a mercantilización do solo, as novas formas de vida e o incremento de segundas residencias, entre outros factores, levaron a un cambio radical nos modelos de asentamento, espallándose as vivendas polo territorio, de xeito que resulta practicamente inviable unha boa dotación de infraestructuras e equipamentos. No terreo urbanístico, a especulación do solo, o aproveitamento irracional e escaso nivel na construción de vivendas, un marco legal de normativa non axustada e unha xestión escasa e incapaz, deron como resultado unha produción de espazos de moi baixa calidade.

A calidade media da arquitectura en Galicia non é a mellor das posibles, e por isto considérase necesario IMPULSAR O URBANISMO como unha ferramenta clave na mellora do medio e da CALIDADE DE VIDA dos galegos. Neste senso, os grandes retos son conseguir calidade na construción e nos espazos públicos. Así, segundo o arquitecto César Portela, en moitos barrios periféricos se teñen abandonado os espazos públicos como tales, e por outra banda non se coída o relación entre as edificacións do mesmo contorno.

Como consecuencia disto existe unha seria preocupación de que os desaxustes entre a paisaxe e a arquitectura na actualidade, desemboquen nunha desaparición do medio rural como legado de identidade e de formas de expresión propias. Para acadar o equilibrio perdido na adaptación das áreas rurais ós novos tempos, é necesario dotarse de instrumentos de planeamento eficaces. Disto xurde a nova Lei do Solo de Galicia (LOUGA 9/2002) denominada non casualmente Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. De tódolos xeitos as técnicas e normas adoptadas deben nacer do estudo minucioso do propio medio rural e da súa realidade específica e singular. Aínda establecendo un marco legal xeral, a normativa previa á intervención arquitectónica ten que baixar a un análise detallado no planeamento, que non caia na aplicación simplista de receitas xenéricas.

Os croques do mestre mateo

3 Cantos de amor a terra. Escea II

- Hoxe, xa que temos bo tempo, podedes lecer un ratiño. Ide ós campos de xogo , preto da escola. O Sr Mateo falaba na mañá cos alumnos da súa clase, no Centro de ESO de Domaio, á beira da Ría. Este home, vello xa, botou a última bocanada ó seu consumido (tanto coma el) cigarro, mentres do mar chegaban cheiros de peixe e sal. Sentouse quedo e comezou a ler os traballos que tiña encargados ós seus rapaces sobre Arquitectura e Urbanismo en Galicia. Empezaba a implantarse na ensinanza galega o Proxectoterra, coa esperanza de que o coñecemento do medio mellorase de xeito definitivo a pegada dos galegos sobre o solo da súa terra encantada.

Escolleu, para animarse, comezar polo traballo de Iríña, que era unha das mellores. A tarde de onte a vira no departamento de informática do colexio tomando notas e arrincando información da rede. A redacción semellaba ben documentada. Lembraba o afán constructor dos galegos dende a cultura megalítica e a arte rupestre, modificando e completando da súa man a paisaxe. Continuaba cos constructores de capelas e catedrais ó longo do medievo, e as beiras dos Camiños de Santiago. Chegaba no remate do seu percorrido, ata os bos arquitectos galegos do século XX, homes como Palacios, de la Sota, Bar Boo, Portela, Gallego... Falaba tamén do "feísmo" que impregnaba nas últimas décadas o medio rural e a paisaxe galega, degradando seica de xeito inexorable a súa calidade e beleza natural. Entón, de súpeto o relato se cortaba, e desgranaba pensamentos de xeito espontáneo: "Os libros están ben, os traballos están ben, a busca en internet está ben, pero o erro non está aquí. - Teño que botar unha nova ollada sobre a parroquia, sobre a miña casa , as dos veciños. O fallo está nos ollos, non ven o que para outros salta á vista, seica non contemplan o desastre que invade o contorno. ¿¿¿ Por qué???... Casas de moitos pisos no medio dun campo, muros de cemento sen rematar nin pintar, engadidos de ladrillo sen revestir, cubertas de tódalas pendentes posibles e de moitos materiais, plantas baixas abertas, so piares a modo de "palafitos", galpóns e alpendres mal rematados por tódolos recunchos. Ata onde acada á vista, ¿onde pode atoparse unha construción sinxela e agradable? Un fogar onde vivir a gusto coa túa familia, onde ofrecer á vista dos teus veciños algo digno, aínda que non sexa unha vista ó mar.

Tamén a xente temos responsabilidade nisto. A ollada, a nova ollada, a crítica constructiva, esa é a razón da busca, non facer unha escolma de palabras e máis palabras. Hai que comezar a cambiar as cousas. Haberá que deixar a autoconstrucción, contar coa axuda de técnicos e profesionais neste eido, como tamén se reclama a avogados e a médicos cando se precisa o seu concurso. Non sei, haberá que pensar neste despacio, darlle o seu tempo, pero o certo e que as cousas non poden seguir así..."

Á volta leu isto ó resto dos nenos da clase. Preguntoulles se viran algo disto preto das súas casas. Comezou o murmurio. Algúns falaban das casa dos seus veciños, os máis calaban; destes últimos algúns andaban na escaleira de subir e baixar, outros, a maioría, porque quizais miraran pero nunca viran semellante cousa; alomenos con eses ollos críticos.

O mestre pareceu nun intre botar fume polas orellas. Semellaba ter un chisco de cabreo xordo. De neno recibira tantos croques na escola, que de feito, agora, os rexeitaba con convicción, pero ás veces dáballo un pronto..., e non era doado...

Era venres e chegaba a esperada fin de semana. Cando xa marchaba puido ollar o Conto que Pepe tiña entre mans, e que non lle deixaba descanso, absorto como andaba. Ó parecer tiña o nome sorprendente de "Constructores do paraíso"

Ó día seguinte pola mañá, o mestre Mateo foi convidado ó xantar á casa do seu fillo. Seica estaba a facer unha reforma importante no seu fogar, e quería darlle a sorpresa ó seu pai desa impactante arquitectura. Cando chegaron, Mateo pegou un respingo, e deuse con toda a cachola no ferro da porta do coche.

¡¡¡ O seu fillo tamén!!! ¡Sempre a mesma desfeita!

Caeu ó chan medio desvanecido, mentres escoitaba á súa muller gritar Ai!!! Meu Santiño!
Cando espertou 12 estrelliñas amarelas daban voltas no ceo da súa cabeza, mentres soaban notas soltas do Canto da Alegría. Un sorriso tenue debuxouse na súa faciana.

¡¡¡ Ainda estamos a tempo!!! AGORA..

(PREGARIA DE ESPERANZA CONTRA OS AMORES QUE MATAN...)



Dende os colectivos de profesionais e técnicos da Arquitectura, especialmente arquitectos, se critica entre outras cousas, unha tendencia fomentada pola lei cara o mimetismo na construción, que desde esta óptica suporía falsear a realidade dun tempo como o noso. Non se entende aceptable a copia sen máis das tipoloxías do pasado. Non se trata, por exemplo, de facer casas con "almenas" para imitar antigos castelos e pazos.

Algunhas propostas cara ó futuro

Independentemente da transposición á realidade que poda ter a Lei 9/2002 do Solo de Galicia (LOUGA) é indubidable a existencia dunha nova concienciación social sobre a necesidade de prestar unha atención especial á Arquitectura e ó Urbanismo en Galicia, con gran coidado nas áreas rurais, nas que ten unha definición prioritaria a Paisaxe como valor en si mesma e como mostra dunhas sinais de identidade. Isto supón unha esixencia para completar o Amor que tódolos galegos sentimos pola nosa Terra, cunha dedicación e cariño por todo aquilo que lle engadimos co noso traballo constructivo.

Pode ser un paso importante a iniciativa en cernes de levar os coñecementos sobre estas disciplinas (Arquitectura e Urbanismo) ós nenos e mozos desde o ensino obrigatorio, levada neste caso As Escolas e Obradoiros de Emprego. A educación e cultura, tamén nestes eidos do saber, estendida ás máis amplas capas sociais debería ter a medio prazo unhas consecuencias moi posi-

tivas non soamente cara ó turismo, senón tamén cunha perspectiva de mellora da calidade de vida dos galegos do futuro, do contorno vital dos nosos fillos.

Por outra banda é necesario reivindicar o traballo e oficio dos TÉCNICOS, que moitas veces por unha falta de sintonía co común da sociedade, non son suficientemente apreciados, sen percatarse a maioría da xente de que tratamos cun material sensible e de gran complexidade; se queremos acadar solucións acertadas, que non sempre son as máis valoradas nos primeiros intres. Os técnicos deben facer unha análise minuciosa para determinar o camiño a seguir en cada caso concreto. Como moito, a única prescrición que podería aplicarse en xeral sen risco ó erro, é a da lóxica constructiva e a sinxeleza na definición estética, como puntos de partida cara unha paisaxe na que a "Pegada do Home" sobre a Terra, non veña a significar unha forma de autoagresión ou asoballamento, senón máis ben o encontro harmonioso entre a Arquitectura e a Natureza, e tamén entre as formas do pasado e do presente.

Apuntamentos

Camiño da Lúa

3 Cantos de amor a terra. Escea III

O comandante Xaco G. tentaba convencer ó seu asistente do voo, o androide X-OKK da utilidade daquela ruta que estaban a inaugurar Camiño a Compostela , e o outro contestaba:

- Coido que estás un pouquiño medrado de máis, desde que a ESA deuche a "Condecoración da Vía Láctea". Non digo que non a mereceras despois de tanta viaxe interestelar, e de tanto risco, pero calma , acouga por Deus , amigo.

As comunicacións non podían fallar agora que se achegaban á Terra, a terra, á Nosa Terra. Aquel home singular era nese intre ledor de acadar a casa, á súa casa despois de tanto vagar polo espacio, e ademais coa honra de estrear unha ruta, se ben certamente con ningunha tradición, si con moito futuro, desde ese Ano Santo de 2345. Chamariase o Camiño da Lúa e nacia dende a colonia científica xa atestada, no satélite do noso planeta. Disque sempre houbo un galego nesa base selenita, onde non era doado vivir, a pesares dos avances dos últimos tempos.

Tomaría terra preto da Cidade da Cultura MFI, onde sería recibido con todos os honores polo novo Presidente da Xunta. Despois poría os pés sobre as pedras sagradas do contorno da Catedral, Obradoiro, Praterías, Quintana...¡Qué bela, dende o ceo, era aquela Terra recortada fronte ó mar, noutros tempos chamado Tenebroso!. Canta ledicia espertaba no seu espírito voltar ó fogar dende un espacio lonxano, árido e difícil, ás veces inhóspito.

(.....SEMPRE QUEDARÁ O AMOR Á TERRA)

UNIDADE DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO



landra